

RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para cubrir 109 postos de auxiliares de policía local, convocados pola Orde de 22 de marzo de 2018, pola que se fai pública a listaxe de aptos na primeira proba e se convoca as persoas declaradas aptas para a realización da seguinte proba.

Na sesión que tivo lugar o día 19 de maio de 2018, o tribunal nomeado pola Orde de 22 de marzo de 2018 (DOG núm 65, do 4 de abril), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a selección de 109 postos de auxiliares de policía local e a creación da lista de reserva de contratación para o ano 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, unha vez rematado o primeiro exercicio (probas físicas), celebrado nas pistas de atletismo da Universidade de Santiago de Compostela no día de hoxe, dispón o seguinte:


PRIMEIRO. Facer pública a listaxe de opositores/as que foron declarados aptos/as ao remate da primeira proba (ANEXO I).

SEGUNDO. Convocar as persoas declaradas aptas para a realización da seguinte proba (proba de coñecementos), o día 26 de maio de 2018 ás 10:30 horas (chamamento), na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), Avenida de la Cultura, s/n. 36680, A Estrada.

TERCEIRO. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso administrativo ante o órgano competente conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como se recolle na base 6.3.8. da convocatoria.

A Estrada, 19 de maio de 2018.

José Antonio Fernández López



Presidente suplente do tribunal